


ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN

Organigrama

A dirección, o goberno e a administración da sociedade corresponden á Xunta Xeral de Accionistas e ao Consello de Administración.



Estrutura organizativa

A Xunta Xeral, debidamente convocada e constituída, representa o supremo órgano de expresión da vontade social, e as súas decisións son soberanas respecto ás cuestións da súa competencia.

O Consello de Administración está presidido estatutariamente polo conselleiro de Sanidade e integrado por outros altos cargos da mesma Consellería e do Servizo Galego de Saúde.

Composición do Consello de Administración de Galaria

Presidente e conselleiro delegado:

- Conselleiro de Sanidade

Conselleiros:

- Xerente do Servizo Galego de Saúde
- Secretaría xeral técnica da Consellería de Sanidade
- Director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade
- Director de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde
- Director de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde
- Director de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde
- Secretario Xeral Técnico e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública

Secretario:

- Subdirector xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Consellería de Sanidade

Dirección da empresa

O Consello de Administración nomea ao director xerente, ao que lle corresponde xestionar

a organización. Cada unidade clínica, así como o Servizo de Consultoría, o Servizo de Radiofísica e Protección Radiolóxica, a Unidade de Radiofármacos PET Galicia e o Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia teñen á fronte un responsable, que forma parte da estrutura directiva da empresa, e o cadro directivo intégrano, ademais, un director de recursos humanos e un director económico-administrativo.

Tanto as unidades asistenciais como as de servizos transversais dispoñen dun alto grao de autonomía de xestión. Estas áreas da organización, que actúan como “centros de actividade” contan, para levar a cabo o seu labor asistencial e de asesoría, co apoio das áreas de Recursos Humanos e Económico-Administrativa, xunto con outros departamentos de soporte, como os de Calidade, Mantemento e Obras, Informática, Contratación, Comunicación e Riscos Laborais, que, ademais de facilitarlles as xestións non directamente asistenciais, participan activamente nos procesos de planificación, elaboración de orzamentos e control dende as súas respectivas ópticas.